BOP DEPUTACIÓN DE LUGO

MÉRCORES, 25 DE NOVEMBRO DE 2026 N.º 271

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

2026/CON_02/000106.- BARALLA.- Rehabilitación de firme LU-P-0506 "Longoira (LU-P-0503) - Sixirei - O Pando (LU-636)", p.k. 2+875 a 7+000 e LU-P-0503 "Baralla (N-VI) - Pol - Vilaesteva (LU-636), p.k. 0+125

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O devandito proxecto estará a disposición no portal de transparencia da Deputación Provincial https://portaltransparencia.deputacionlugo.org

Lugo, 20 de novembro de 2026.- O secretario xeral, P.S. a secretaria-interventora - xefa do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos, Leticia Rodríguez Díaz.

R. 3218

SERVIZO DE INTERVENCIÓN

Anuncio

Aprobouse inicialmente polo Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 24.11.2026, o **Proxecto de Orzamento da Deputación Provincial para o ano 2027**, e a documentación que o acompaña.

Exponse ao público na Secretaría desta Deputación, por espazo de 15 días hábiles, en cumprimento do disposto no artigo 112.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, durante os cales admitiranse reclamacións aos mesmos.

Transcorrido dito prazo sen que se presenten reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no art. 169.1 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Lugo, vinte e catro de novembro de dous mil vinte e seis.- A presidenta, M.ª del Carmen López Moreno. O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3248

CONCELLOS

CERVO

Anuncio

De conformidade coa Resolución de Alcaldía n.º 2026-1108 de data 16 de novembro de 2026, por medio do presente anuncio efectúase a convocatoria do concurso público para a cesión de uso en réxime de arrendamento do ben inmoble patrimonial municipal consistente no local nº 4 do Centro Artesanal de Sargadelos (Expediente 1959/2026), conforme aos seguintes datos:

Anuncio publicado en: Num BOP 271 año 2026 (25/11/2026 08:00:00)

1. Obxecto do concurso: Arrendamento do seguinte ben inmoble:

Característica/Campo	Detalle do Inmoble (Local nº 4)
Referencia catastral	8656002PJ2385N0000EO
Localización	Sargadelos s/n, edificio das antigas cabaleirizas do Centro Artesanal de Sargadelos, municipio de Cervo (Lugo)
Clase	Solo Non Urbanizable Especialmente Protexido de Patrimonio (edificación tradicional do século XVII incluída no Conxunto Histórico-Artístico de Sargadelos, declarado Ben de Interese Cultural - BIC mediante Decreto 2842/1972, do 18 de agosto)
Superficie	67,83 m²
Coeficiente	Non consta asignación de coeficiente de propiedade horizontal por tratarse dun único complexo inmoble de propiedade municipal
Uso	Actividades comerciais vinculadas ao sector terciario (artesanal, ecolóxico, turístico, hostaleiro, educativo, terapéutico ou doutra natureza análoga). Sen uso residencial
Ano de Construción	Século XVII (edificación tradicional rematada con anterioridade ao 25 de maio de 1975)

2. Prazo e modalidade de presentación de ofertas

- **Prazo:** O prazo para a presentación de proposicións será dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.
- **Modalidade de presentación:**
- **Electrónica:** A través da ferramenta de preparación e presentación de ofertas da Plataforma de Contratación do Sector Público (obrigatoria para as persoas e entidades relacionadas nos artigos 14.2 e 14.3 da Lei 39/2015).
- **Física:** En sobre pechado, exclusivamente para persoas físicas non obrigadas a relacionarse electronicamente coa Administración.
- **Lugar de presentación:**

1. Dependencia: Rexistro Xeral do Concello de Cervo (ou polos medios do artigo 16.4 da Lei 39/2015).

2. Domicilio: Praza do Concello, s/n.

3. Localidade e código postal: Cervo, 27891 (Lugo).

4. Dirección electrónica/Perfil do Contratante: Perfil do Contratante do Concello de Cervo, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, e Sede Electrónica municipal.

3. Acto de apertura

A apertura dos sobres C (proposición económica e compromisos avaliables automaticamente) celebrarase nun acto público, no lugar, data e hora que se publicarán con suficiente antelación no Perfil do Contratante do Concello de Cervo, unha vez examinada a documentación administrativa (Sobre A) e aprobada e documentada a valoración dos criterios sometidos a xuízo de valor (Sobre B).

4. Consulta dos pregos

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e a documentación integrante do expediente atópanse a disposición das persoas interesadas no Perfil do Contratante do Concello de Cervo no Portal de Transparencia e na Sede Electrónica do Concello de Cervo, así como nas dependencias da Secretaría do Concello.

Cervo, 16 de novembro de 2026.- A alcaldesa, Dolores García Caramés.

R. 3215

Anuncio

Convocatoria de poxa pública para a adxudicación do aproveitamento forestal de madeira e biomasa en montes de titularidade municipal. Expediente 1934/2026.

De conformidade coa Resolución da Alcaldía n.º 2026-1103, do 12 de novembro de 2026, pola que se aproba o prego de cláusulas administrativas particulares e se convoca a licitación, anúnciase a poxa pública para a adxudicación do aproveitamento forestal de madeira e biomasa en montes de titularidade do Concello de Cervo, conforme ás seguintes condicións:

Anuncio publicado en: Num BOP 271 año 2026 (25/11/2026 08:00:00)

1. Obxecto e lotes do aproveitamento.

Constitúe o obxecto da licitación a enaxenación da madeira en pé, sen pelar, e da biomasa forestal comprendidas na delimitación técnica dos cinco lotes que se relacionan a continuación. Corresponden á persoa adxudicataria a corta, desrame, tronzado, saca, carga, transporte e tratamento dos restos.

Non se transmite o solo nin se concede un uso distinto do acceso temporal necesario para executar o aproveitamento.

Lote	Localización	Referencia catastral	Superficie gráfica da parcela
1. Gondrás	San Ciprián 36	4482043PJ2348S0001GU	17.854 m²
1. Gondrás	San Ciprián 37	4482032PJ2348S0001SU	12.509 m²
2. Rueta	Couto do Muíño. Polígono 11, parcela 57	27013A011000570000RG	12.107 m²
3. Río Cobo	CR San Cibrao Urb 116	6383033PJ2368S0000DF	6.780 m²
4. Burela/Esqueira	Esqueira. Polígono 38, parcela 611	27013A038006110000RW	47.440 m²
4. Burela/Esqueira	Boqueira de Probada. Polígono 38, parcela 645	27013A038006450000RB	8.007 m²
5. Rúa	Sualta. Polígono 48, parcela 28	27013A048000280000RW	16.802 m²

As superficies indicadas son as superficies gráficas das parcelas.

Cada lote constitúe unha unidade independente de licitación e adxudicación. Poderase concorrer a un, varios ou todos os lotes, sen límite de lotes adxudicables á mesma persoa.

Non se admiten variantes nin ofertas condicionadas á adxudicación doutros lotes.

2. Tipos de licitación e garantías.

Lote	Peso estimado	Tipo mínimo de licitación, sen impostos	Garantía provisional
1. Gondrás	460 t	15.376,03 €	1.537,60 €
2. Rueta	328 t	11.175,21 €	1.117,52 €
3. Río Cobo	80 t	1.884,30 €	188,43 €
4. Burela/Esqueira	164 t	4.947,11 €	494,71 €
5. Rúa	200 t	5.413,22 €	541,32 €
Total	1.232 t	38.795,87 €	3.879,58 €

A venda realizarase por prezo global e fixo por lote, a risco e ventura respecto da cantidade de madeira efectivamente obtida. Os pesos son estimativos e non darán lugar a liquidación posterior por pesaxe, medición ou diferenzas de rendemento.

Admitiranse ofertas iguais ou superiores ao tipo mínimo de cada lote, expresadas en euros con dous decimais. A comparación das ofertas efectuarase sobre o prezo global sen impostos. Serán por conta da persoa adxudicataria os impostos, taxas e tributos que legalmente lle correspondan ou deban repercutírselle.

Para participar deberá constituírse, antes de finalizar o prazo de presentación de ofertas, unha garantía provisional equivalente ao 10 % do tipo mínimo de cada lote ao que se concorra, polos importes indicados e nas modalidades previstas na cláusula 12 do prego. O xustificante incorporarase ao sobre A.

A garantía constituída en metálico pola persoa adxudicataria aplicarase como pagamento a conta do prezo, nos termos do prego. Non se esixe garantía definitiva nin garantía específica de execución.

3. Prazo e modalidades de presentación de proposicións.

O prazo de presentación será de dez días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sempre que estean dispoñibles a documentación completa e a ferramenta electrónica de presentación. Se o último día do prazo é inhábil, trasladarase ao primeiro día hábil seguinte.

Anuncio publicado en: Num BOP 271 año 2026 (25/11/2026 08:00:00)

As proposicións presentaranse en dous sobres separados: sobre A, documentación administrativa, e sobre B, oferta económica, co contido e conforme aos modelos establecidos no prego.

As modalidades de presentación serán as seguintes:

a) Presentación electrónica. As persoas obrigadas a relacionarse electronicamente coa Administración presentarán as proposicións exclusivamente mediante a ferramenta de preparación e presentación de ofertas da Plataforma de Contratación do Sector Público, na licitación do Concello de Cervo correspondente ao expediente 1934/2026. Esta modalidade tamén poderá ser utilizada polas persoas físicas non obrigadas.

b) Presentación en papel. As persoas físicas non obrigadas a relacionarse electronicamente coa Administración poderán presentar dous sobres pechados e asinados na oficina de asistencia en materia de rexistros do Concello de Cervo, situada na Praza do Concello, s/n, 27891 Cervo (Lugo), de luns a venres, das 08.00 ás 15.00 horas, salvo festivos.

Non se admite a presentación da oferta económica por correo electrónico nin mediante instancia electrónica ordinaria que non preserve o segredo da proposición.

Cada licitador presentará unha única oferta por lote. Non se incluirán prezos no sobre A.

4. Cualificación da documentación e apertura pública das ofertas.

A Mesa de valoración constituirase ás 10.00 horas do quinto día hábil seguinte ao remate do prazo de presentación de proposicións, en sesión interna, para a apertura do sobre A e a cualificación da documentación administrativa.

Concluída a cualificación, publicarase na sede electrónica municipal e no taboleiro de anuncios a relación motivada de persoas admitidas e excluídas e convocarase a apertura pública do sobre B.

A apertura pública das ofertas económicas terá lugar ás 10.00 horas do quinto día hábil seguinte á cualificación definitiva. A data resultante anunciarase na sede electrónica municipal e no taboleiro de anuncios.

Os sobres físicos e electrónicos abriranse na mesma sesión, baixo garantías equivalentes. Non se abrirán os sobres B das persoas excluídas.

As ofertas clasificaranse por lote en orde decrecente de prezo. Os empates resolveranse conforme á cláusula 15 do prego.

5. Prazo de execución e obrigas da persoa adxudicataria.

O prazo de execución de cada lote será dun ano desde o día o da formalización do contrato.

Dentro deste prazo deberán rematarse a corta, saca, transporte, tratamento dos restos e reparación dos danos imputables. A xestión da biomasa residual e a limpeza da superficie obxecto do aproveitamento serán por conta da persoa adxudicataria, nos termos do prego e respectando os prazos específicos establecidos pola normativa sectorial.

6. Consulta do prego e da documentación.

O texto íntegro do prego de cláusulas administrativas particulares, os seus anexos e a documentación complementaria estarán dispoñibles mediante acceso público, libre e gratuíto, desde o inicio do prazo de presentación de ofertas e durante toda a licitación, na sede electrónica do Concello de Cervo e no taboleiro de anuncios.

Cervo, 16 de novembro de 2026.- A alcaldesa, Dolores García Caramés.

R. 3216

Anuncio

De conformidade coa Resolución de Alcaldía n.º 2026-1107 de data 16 de novembro de 2026, por medio do presente anuncio efectúase a convocatoria do concurso público para a cesión de uso en réxime de arrendamento do ben inmoble patrimonial municipal consistente no local destinado a cafetería do Club Deportivo Rio Covo (Expediente 1885/2026), conforme aos seguintes datos:

1. Obxecto do concurso: Arrendamento do seguinte ben inmoble:

Característica/Campo	**Detalle do Inmoble ()**
Referencia catastral	6377001PJ2367N0001XD (correspondente ao inmoble matriz).
Localización	Rúa Cuarenta e Un n.º 2, Urbanización Rio Covo, 27890 Cervo (Lugo). Localización catastral: CL C/4 UR RIOCOBO S.CIPRIAN 13.

Anuncio publicado en: Num BOP 271 año 2026 (25/11/2026 08:00:00)

Característica/Campo	Detalle do Inmoble ()
Clase	Inmoble urbano, integrado nunha parcela construída sen división horizontal.
Superficie	Local de 425,48 m² construídos e terraza exterior de 96,08 m² (integrados nunha parcela matriz de 11.000 m² de superficie gráfica que non constitúe no seu conxunto o obxecto do arrendamento).
Coeficiente	Non consta unha cota individualizada correspondente ao local, ao non existir división horizontal.
Uso	Cafetería-bar e restauración, como actividade anexa e complementaria ao complexo deportivo.
Ano de Construción	1981.

2. Prazo e modalidade de presentación de ofertas

- **Prazo:** O prazo para a presentación de proposicións será dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.
- **Modalidade de presentación:**
- **Electrónica:** A través da ferramenta de preparación e presentación de ofertas da Plataforma de Contratación do Sector Público (obrigatoria para as persoas e entidades relacionadas nos artigos 14.2 e 14.3 da Lei 39/2015).
- **Física:** En sobre pechado, exclusivamente para persoas físicas non obrigadas a relacionarse electronicamente coa Administración.
- **Lugar de presentación:**

1. **Dependencia:** Rexistro Xeral do Concello de Cervo (ou polos medios do artigo 16.4 da Lei 39/2015).

2. **Domicilio:** Praza do Concello, s/n.

3. **Localidade e código postal:** Cervo, 27891 (Lugo).

4. **Dirección electrónica/Perfil do Contratante:** Perfil do Contratante do Concello de Cervo, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, e Sede Electrónica municipal.

3. Acto de apertura

A apertura dos sobres C (proposición económica e compromisos avaliables automaticamente) celebrarase nun acto público, no lugar, data e hora que se publicarán con suficiente antelación no Perfil do Contratante do Concello de Cervo, unha vez examinada a documentación administrativa (Sobre A) e aprobada e documentada a valoración dos criterios sometidos a xuízo de valor (Sobre B).

4. Consulta dos pregos

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e a documentación integrante do expediente atópanse a disposición das persoas interesadas no Perfil do Contratante do Concello de Cervo no Portal de Transparencia e na Sede Electrónica do Concello de Cervo, así como nas dependencias da Secretaría do Concello.

Cervo, 19 de novembro de 2026.- A alcaldesa, Dolores García Caramés.

R. 3217

Anuncio

Expediente 1528/2026. Bolsa de emprego de auxiliares administrativos/as, persoal funcionario interino por programa (subgrupo C2).

Mediante Decreto da Alcaldía nº 2026-1127, do 19 de novembro de 2026, acordouse, por razóns de legalidade e salvagarda do interese público, deixar sen efecto o Decreto nº 2026-0750, do 19 de agosto de 2026, polo que se aprobaron as bases reguladoras e a convocatoria do proceso selectivo para a cobertura interina dunha praza de Auxiliar Administrativo/a (subgrupo C2) e a constitución dunha bolsa de emprego, publicadas no BOP de Lugo nº 194, do 26 de agosto de 2026.

A resolución fundaméntase na contradición entre as referencias ao CELGA 3 e ao CELGA 4 contidas nas bases para acreditar o coñecemento da lingua galega e quedar exento da proba específica, co fin de garantir a igualdade e a seguridade xurídica no proceso selectivo. Así mesmo, deixa sen efecto os actos de trámite derivados do mesmo e a designación do Tribunal Cualificador. Acórdase incoar un novo expediente administrativo para a selección de persoal e practicar a notificación individualizada do texto íntegro da resolución ás persoas aspirantes.

Anuncio publicado en: Num BOP 271 año 2026 (25/11/2026 08:00:00)

Contra a resolución poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación, sen prexuízo doutros recursos procedentes.

Cervo, 20 de novembro de 2026.- A alcaldesa, Dolores García Caramés

R. 3219

Anuncio

Expediente 1526/2026. Proceso selectivo de persoal funcionario interino por vacante (subgrupo C1) e constitución dunha bolsa de emprego.

Mediante Decreto da Alcaldía nº 2026-1128, do 19 de novembro de 2026, acordouse, por razóns de estrita legalidade e de salvagarda do interese público, deixar sen efecto o Decreto da Alcaldía nº 2026-0746, do 19 de agosto de 2026, polo que se aprobaron as bases reguladoras e a convocatoria do proceso selectivo para a cobertura interina dunha praza de Técnico/a Administrativo/a de Promoción Económica, Turismo e Redes Sociais (subgrupo C1) e a constitución dunha bolsa de emprego, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 194, do 26 de agosto de 2026.

A resolución fundaméntase nas contradicións detectadas nas bases reguladoras relativas á puntuación máxima da fase de concurso e aos criterios de desempate. Así mesmo, deixa sen efecto os actos de trámite derivados do mesmo e a designación do Tribunal Cualificador. Acórdase incoar un novo expediente administrativo para a selección de persoal e practicar a notificación individualizada do texto íntegro da resolución ás persoas aspirantes.

Contra a resolución poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación, sen prexuízo doutros recursos procedentes.

Cervo, 20 de novembro de 2026.- A alcaldesa, Dolores García Caramés

R. 3220

GUNTÍN

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en data 20/11/2026 o expediente de modificación de créditos nº MC 10/2026, modalidade SUPLEMENTO DE CRÉDITO dentro do vixente orzamento municipal, en cumprimento do disposto no art. 177 en relación co artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobada polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, exponse ao público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles, que empezarán a contarse desde o seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

Guntín, 20 de novembro de 2026.- O alcalde, Ángel Pérez Rodríguez.

R. 3221

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en data 20/11/2026 o expediente de modificación de créditos nº MC 11/2026, modalidade SUPLEMENTO DE CRÉDITO dentro do vixente orzamento municipal, en cumprimento do disposto no art. 177 en relación co artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobada polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, exponse ao público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles, que empezarán a contarse desde o seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

Guntín, 20 de novembro de 2026.- O alcalde, Ángel Pérez Rodríguez.

R. 3222

Anuncio publicado en: Num BOP 271 año 2026 (25/11/2026 08:00:00)

RIBADEO

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL.

Modificación orzamentaria 92/2026, SUPLEMENTO DE CREDITO FINANCIADO CON OPERACION DE PRESTAMO

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 17/11/2026 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 92/2026 do Orzamento en vigor, na modalidade de SUPLEMENTO de crédito 6/2026, financiado co OPERACION DE PRESTAMO por importe de 68.256,53**€**

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente á exposición pública **durante o prazo de quince días**, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, 20 de novembro de 2026.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 3223

Anuncio publicado en: Num BOP 271 año 2026 (25/11/2026 08:00:00)